

# “O día das letras galegas `87, adicado a Francisca Herrera Garrido”

Artigo de Efrén Vázquez

Fonte: *Grial*, nº 96 (abril, maio, xuño 1987), p. 238-241



**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

**O DÍA DAS LETRAS GALEGAS '87,  
ADICADO A  
FRANCISCA HERRERA GARRIDO**



*A primeira muller membro numerario da Real Academia Galega.*

Este ano a Real Academia Galega está a cumprir, en parte, unha débeda coa escritora coruñesa Francisca Herrera Garrido, ó lle adica-lo Día das Letras Galegas. A que foi a primeira muller en ser elixida membro numerario da R.A.G., morreu hai case trinta e sete anos sen poder le-lo seu discurso de ingreso, —unha louvanza a Rosalía de Castro e ós poetas “de raza”—, por dilacións incomprensibles entre o Presidente Manuel Casás e Couceiro Freijomil, que estaba a se-lo que lle dese resposta ó seu discurso.

Hai, así mesmo, catorce anos que o “Día das Letras Galegas” se lle adicou a Rosalía (primeira destas celebracións). Dende aquela ningunha outra muller tivera tal honra, deica este ano no que unha continuadora da súa poesía está a ser homenaxeada. ¡¡Enhoraboa!! E que non pasen tantos anos para que outra muller reciba tal merecemento.

*A romántica, ... “Paquiña”.*

“Paquiña” era o nome polo que os máis achegados coñecían a Francisca Herrera Garrido. Naceu no ano 1869, no seo dunha familia coruñesa da alta burguesía, —seu pai era un home de negocios e seu avó materno un adiñeirado banqueiro—, e estivo a se-la única das irmás Herrera que permaneceu solteira.

É con súa irmá maior, Enriqueta (“Keta”), coa que mellor se leva e coa que convive a maior parte da súa vida. Así, no ano 1915, ámbalas dúas irmás van vivir a Madrid e estarán a pasa-los veráns nunha casa alugada no concello de Oleiros, preto da Coruña. Aquí será onde escriba a maioría dos seus libros e onde “recolla e aprenda” o galego no que os escribiu.

A pesar de viviren xuntas, o verdadeiro amor de “Paquiña” estivo a ser súa nai. Disto temos fiel reflexo nestas liñas de seu, escritas no 1921:

“¿O meu recordo? ¡Chámase “nai”, cand'o meu corazón vivía!  
A par morreron. Ela, y-el: amortaxáronos xuntos, e índa síntoo  
que laya, cando escoito, debuzada n-a terra, os meus bicos  
derradeiros: os qu'ela xa non me pediu e quedaron suspensos  
antre terra e Ceu.”

O verán do 36, coma outros, veñen pasalo a Oleiros, mais os sucesos as obrigan a alonga-las vacacións, agardando o inmediato e esperado remate. A realidade foi outra, e acordaron unha viaxe a Madrid para recolleren as súas cousas e retira-los cartos dos bancos. A Guerra Civil, non fixera mais que empezar, e os bancos permane-

ceron pechados. "Paquiña" e "Keta" tiveron que voltar para Galicia sen case recursos económicos. Con todo, tres anos máis tarde, pódense instalar definitivamente nun piso da rúa do Príncipe, na Coruña; onde ámbalas irmás son coñecidas por "As Paquiñas".

De carácter moi diferente, —"Paquiña" era considerada unha romántica, idealista, maternal, tímida, ...—, as súas tertulias centrábanse no distinto concepto que do amor estaban a ter: para Keta o mellor amor era o conxugal mentres que para Paquiña non había dúbida de que era o maternal; idea esta do amor materno que subxace na súa obra e amósase como un dos temas principais na súa novela máis longa, "Néveda".

Francisca Herrera Garrido, finou na Coruña un 14 de novembro do ano 1950. *Francisca Herrera e mais Rosalía de Castro.*

Francisca, de formación autodidacta e da que non se lle coñecen antecedentes familiares no ámbito das Letras, tivo o seu modelo literario en Rosalía de Castro, da que coñeceu poemas cando apenas contaba con doce anos, estando a seren dende entón os seus libros de cabeceira. Chegou a afirmar:

—¡Yo no hubiese sido nunca sin ella!

Coñecéronse persoalmente e relacionouse coa familia de Rosalía. Concretamente, froito desta relación foi o prólogo que D. Manuel Murguía —esposo de Rosalía— fixo para o seu libro "*Almas de muller... ¡Volallas na luz!*" (1915); o prólogo que F. Herrera fixo á edición de 1925 dos "*Cantares Gallegos*" de Rosalía; e por suposto, a poetisa do Sar estivo presente nos seus poemas, do que é un bo exemplo este que lle adica o libro "*Follas Novas*" e do que reproducimos as dúas estrofas finais:

Por chas donar pra teu libro,  
¡despoxáronse das follas!  
¡Dende que as levache é inverno,  
nestas montañas nosas!

Deixa, Santa mulleriña,  
deixa que humildiña envolva,  
en amante relembranza,  
teu ramo de "Follas Novas"!

(Do poema "*Por qué o noman 'Follas Novas'*")

Escritora pouco relacionada no mundo literario da época, coñecía nembargante, cando menos, a obra literaria doutros escritores galegos ós que cita no seu ensaio "*A muller galega*"<sup>1</sup> e do que entresacamos estas liñas:

"Queredes conoser a muller galega? Lide Pérez Lugín: asolagade os ollos n-os cadros dos nosos pintores (Sotomayor n-a dianteira) ben chamados "Pintores d'almas" por quen soupo furar e frorescer n-elas. Lide desfiadas en liñas d'ouro, as cancións de Noriega Varela; as venteladas salobres do gran Cabanillas; é tantas produciós, fillas das bágoas de Rosalía de Castro, e das risadas, mordentes (con sabor de salouco) do noso Curros. E non sigo nomando, porque sendo a nosa, terra d'artistas e poetas, a roga de nomes lumiosos enchería moitas páxinas: ...".

O que ninguén parece dubidar é que Francisca Hertera e maila súa obra quedaron ensombrecidas e relegadas a un segundo plano por ser ela coetánea de Rosalía de Castro. Nembargantes o catedrático R. Carballo Calero recoñece —na súa "*Historia da Literatura Galega Contemporánea*"<sup>2</sup>—, estando a se referir á lírica de F. Herrera, que:

"A galegüidade dista poesía é tan intensa como a dos *Cantares Gallegos*. Seméllanos máis carregada aínda de sentimento, máis suxeitiva".

<sup>1</sup> Na Revista "*Nós*", Ourense, nº 6, 22-agosto-1921, na páxina 12.

<sup>2</sup> Carballo Calero, R. "*Historia da Literatura Galega Contemporánea. (1808-1936)*". 3ª edición, Vigo, Galaxia, 1981. (páx. 494).

Poeta e narradora da "muller".

Contaba F. Herrera con 44 anos cando sae do prelo un libríño seu de poemas en galego, "*Sorrisas e Bãgoas*" (1913), dentro dunha tradición rosaliana e cheos de sentimento, nos que lamenta ou canta ás xentes do campo. O seu seguinte libro, "*Almas de muller ... ¡Volallas n'a luz!*" (1915), tamén de poemas en galego, pero esta vez máis longos e contándonos historias de mulleres resinadas que se están a queixar das súas penalidades. No seu terceiro, e derradeiro libro de poemas en galego, "*Frores do noso paxareco*" (1919), a escritora volta ó poema curto e levián.

Na súa narrativa, está moi presente a figura da muller sacrificada, humilde e virtuosa, independentemente da súa condición económica. A autora fará actuar ós seus personaxes nun ambiente fundamentalmente rural empregando, anque cun estilo decimonónico, unha linguaxe moi ricaz no seu léxico; onde a súa obra acada as cotas máis altas, segundo sosteñen Carballo Calero, Couceiro Freijomil, ... entre outros.

Vai ser "*Néveda*"<sup>3</sup> a súa primeira e máis longa novela. Na primeira parte, unha muller pobre e fracasada nas súas relacións amorosas opta por escoller unha vida de miseria e soedade para educar á súa filla —Néveda—, (o "Amor maternal" que defendía Francisca) fuxindo dos individuos da burguesía á que pertencía o pai. A segunda parte transcorre coa vida de Néveda. Esta, traicionada polos homes, vive unha vida retirada en axuda dos necesitados. A acción desenvólvese na segunda metade do S. XIX e fundamentalmente entre A Coruña e o Pazo de Soñeiro (Oleiros): espacio e tempo realmente vividos pola escritora.

O resto da súa narrativa en galego foron relatos curtos, "*A y-alma de Mingos*" (1922) e "*Martes d'antroido*" (1925). Cómpre sinalarmos aquí as tres colaboracións súas na revista "*Nós*". Trátase do ensaio "*A muller galega*"<sup>4</sup>, do conto "*A neta da naipeira*"<sup>5</sup> e o poema "*A nosa nai Galicia*"<sup>6</sup>. Aparecido este último no número que a revista lle adicou ó Día de Galicia do 1931, no que se recollían poemas de Cabanillas, Bouza Brey, Carballo Calero, Iglesia Alvariño e outros. Del entresacamos estes versos:

"Doulle a Lugo o Señor d-os señoriaxes,  
n'un altar tallado en almas fervorentas;  
fixo a Ourense gardador do seu cerebro,  
repartiulles curazós ós seus poetas;  
e por ela ergueu Santiago, fachendoso,  
o pendón do santo fillo d-a Xudea.

Crúña e Vigo rescibiron aquës naves  
ond-a santa nai Galiza se refrexa"

Xa en castelán, ademais do prólogo ós "*Cantares Gallegos*" de Rosalía —do que xa se falou— e dun artigo sobre esta mesma escritora no "*Diario Español*" (25/X/1925) de Bos Aires, publicou as tres novelas "*Pepiña*" (1922), "*Réproba*" (1926) e "*Familia de lobos*" (1928).

Á morte da escritora, súa irmá Keta nunhas declaracións ó xornal "El Ideal Gallego" deu o nome dunha nova novela "*Porqué no entró el alma en la venta*"; información que recolle M<sup>a</sup> C. Noia Campos no seu "Limiar" á edición de "*Néveda*" (de 1981).

*Camiño da Real Academia Galega.*

Co fin de cubri-la vacante deixada polo poeta Lisardo R. Barreiro, a Real Acade-

<sup>3</sup> Herrera Garrido, F. "*Néveda*". Vigo, Xerais de Galicia, 1981. Col.; Montes e Fontes (Literatura), nº 19.

<sup>4</sup> "*Nós*", nº 6, 22/8/1921, Ourense. (páxs. 8-15).

<sup>5</sup> "*Nós*", nº 20, 15/8/1925, Ourense. (páxs. 6-10).

<sup>6</sup> "*Nós*", nº 91, xullo/1931, Ourense. (páx. 128).

mia Galega, en sesión celebrada o 4 de marzo do ano 1945, decide elixir á escritora coruñesa Francisca Herrera Garrido para ingresar como membro numerario.

Estaría a se-la primeira muller académica de número na R.A.G., mais o seu lle custou. Así que o 11 de abril dese mesmo ano, F. Herrera envía ó Presidente Manuel Casás o seu discurso de ingreso —unha louvanza a Rosalía e ós poetas “de raza”—, acompañándoo dunha carta na que lle roga corrixa o que considere oportuno. E aí empezaron as dilacións. O Presidente tarda ¡dous anos!, o 17 de xaneiro do 1947, en lle envia-lo discurso a A. Couceiro Freijomil, para que se encargue de elabora-la “resposta” correspondente. Incomprensiblemente, este non dá o texto ata o 28 de febreiro do ano 1949. ¡Demasiado tarde! Francisca Herrera Garrido finaría un 14 de novembro do ano seguinte, sen te-la satisfacción de poder le-lo seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. ¡O discurso da primeira muller académica na R.A.G.!, se ben D<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán xa fora presidente honorario.

EFRÉN VÁZQUEZ

A Coruña

*Para saber máis...*

CARBALLO CALERO, R. “*Historia da Literatura Galega Contemporánea. (1808-1936)*”. 3<sup>a</sup> ed., Vigo, Galaxia, 1981.

COUCEIRO FREIJOMIL, A. “*Diccionario bio-bibliográfico de escritores*”. Santiago de Compostela, 1951-54.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. “*Antoloxía de poesía. Do dexanove aos continuadores*”. Vigo, Galaxia, (páxs. 20, 208/218).

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. “*Historia da Literatura galega*”. Vigo, Galaxia, 1978.

NAYA, Juan. “*Francisca Herrera Garrido*”. Boletín da Real Academia Galega, n<sup>o</sup> XXV, (páxs. 160/161).

NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> C. “*Limiar*” á reedición de “*Néveda*”. Vigo, Xerais de Galicia, 1981. col.: Montes e Fontes, n<sup>o</sup> 19 (páxs. 9/31).

NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> C. Voz “*Herrera Garrido, Francisca*” na Gran Enciclopedia Gallega, tomo 17 (GUERRA-IMPREN), (páxs. 104/105).

